

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

En Xunta de Goberno Local de data 17.04.2023 aprobáronse as bases dos procesos selectivos de RESPONSABLE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TÉCNICO MEDIO UNIDADE DE DEPORTES E TÉCNICO MEDIO UNIDADE MEDIO AMBIENTE.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de QUINCE (15) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 4 de maio de 2023.- O ALCALDE, Jose Tome Roca.

R. 1416

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 2 de maio de 2023 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2023.05, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 245.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 5 de maio de 2023.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1417

A PONTENOVA

Anuncio

Como conclusión ao procedemento incluído no marco de estabilización de emprego temporal para cubrir unha praza de: Auxiliar Administrativo, vacante neste Concello, acordouse a formalización do contrato como persoal laboral fixo a favor de:

	Identidade do Aspirante	NIF	Puntos Obtidos
1	DÍAZ MON, MARTA	***5364**	83,00

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

A Pontenova, 5 de maio de 2023.- O ALCALDE, Dario Campos Conde.

R. 1418